



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

Resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data trinta e un de maio de 2019, sobre cesamento de persoal eventual que textualmente di o seguinte:

“Tras ver a proposta do deputado delegado da Subárea de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a teor do seguinte texto:

Visto que con data 22 de febreiro de 2016, o Presidente da Deputación Provincial de Lugo, don Darío Campos Conde nomeou a don Raúl García Martínez para ocupar un posto de Asesor Nivel II adscrito, na vixente Relación de Postos de Traballo, á Área de Presidencia, en réxime de persoal Eventual.

Tendo en conta que a regulación dos cesamentos do persoal Eventual se establece de conformidade ao sinalado no artigo 12.3 da Lei 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que di: “O nomeamento e cesamento serán libres. O cesamento terá lugar, en todo caso, cando se produza o da autoridade ó que preste a función de confianza e asesoramento”.

Igualmente o artigo 104.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sinala, en relación ao persoal eventual, que: “O nomeamento e cesamento destes funcionarios é libre e corresponde ao Alcalde ou ao Presidente da Entidade Local correspondente. Cesan automaticamente, en todo caso, cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que prestan a súa función de confianza ou asesoramento”.

Tendo en conta o sinalado, conforme ao que establece a normativa de aplicación, antes citada, en uso das atribucións que o citado artigo 104.2 lle confire á Presidencia, procede:

Cesar a don Raúl García Martínez no desempeño das funcións como Asesor Nivel II, con efectividade do día 5 de xuño de 2019, que será o último día no que preste servizos efectivos con base no nomeamento, efectuado no seu día, como persoal Eventual”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes”.

O que se fai público aos oportunos efectos.

Lugo, tres de xuño de dous mil dezanove. **O PRESIDENTE EN FUNCIÓNS**, Darío Campos Conde.- **A SECRETARIA**, María Esther Álvarez Martínez.

R. 1606

SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

Anuncio

MODIFICACIÓN DAS BASES DO PROGRAMA TECENDO EMPREGO

Por acordo da Xunta de Goberno celebrada na sesión do 31 de maio do 2019 aprobouse a modificación das bases do programa Tecendo Emprego en prol da creación de emprego do seguinte xeito, a vista de que non se prexudica a ningún terceiro, matízase o criterio do límite de idade, sen alterar os criterios de titulación e aptitude para acceso o posto.

Engadíndose no artigo 3 das bases da Fase I e na Base I da Fase II do Programa Tecendo Emprego, o seguinte:

A determinación do límite de idade establecido en cada unha das liñas non será causa de exclusión do proceso de selección, non obstante aqueles candidatos que non excedan da idade límite de cada liña terán preferencia sobre os demais aspirantes.

Lugo, 3 de xuño de 2019.- “O PRESIDENTE, P.D Decreto Nº 0402/2017 de data 24-02-2017 O DEPUTADO PROVINCIAL, EN FUNCÍONS, **PABLO RIVERA CAPON.**

R. 1607

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 4 de 2019, dentro do vixente Presuposto municipal, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 30 de abril de 2019, cun importe que ascende a cantidade de 37.819 Euros, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Presuposto queda da seguinte forma:

Cap.1.- Gastos de persoal _____	981.634,54 €
Cap.2.- Gastos correntes en bens e servizos _____	778.455,29 €
Cap.3.- Gastos financeiros _____	4.700,00 €
Cap.4.- Transferencias correntes _____	71.300,00 €
Cap.5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos _____	0,00 €
Cap.6.- Inversións reais _____	728.629,76 €
Cap.7.- Transferencias de capital _____	75.000,00 €
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS _____	2.639.719,59 €

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Baralla, a 30 de maio de 2019.- O ALCALDE EN FUNCÍONS (Por Decreto de delegación número 82 de data 2 de maio de 2019).Manuel Rodríguez Vilela.

R. 1575

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 3 de 2019, dentro do vixente Presuposto municipal, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 30 de abril de 2019, cun importe que ascende a cantidade de 46.138 Euros, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Presuposto queda da seguinte forma:

Cap.1.- Gastos de persoal _____	981.634,64 €
Cap.2.- Gastos correntes en bens e servizos _____	778.455,29 €
Cap.3.- Gastos financeiros _____	4.700,00 €
Cap.4.- Transferencias correntes _____	71.300,00 €
Cap.5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos _____	0,00 €
Cap.6.- Inversións reais _____	690.810,76 €
Cap.7.- Transferencias de capital _____	75.000,00 €
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS _____	2.601.900,59 €

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Baralla, a 29 de maio de 2019.-O ALCALDE EN FUNCÍONS Por Decreto de delegación número 82 de data 2 de maio de 2019).Manuel Rodríguez Vilela.

R. 1576

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 14/05/2019 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a abril do 2019.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a abril 2019 terá lugar neste municipio dende o día 15 de maio de 2019 ata o día 15 de xullo de 2019.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 30 de maio de 2019.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R.1579

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 10/05/2019 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da Taxa do servizo e realización de actividades deportivas correspondentes ao curso 2018/2019.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

ANUNCIO

A cobranza, en período voluntario do Padrón da Taxa do servizo e realización de actividades deportivas correspondente o curso 2018/2019, terá lugar neste Municipio dende o día 13 de maio de 2019 ata o día 12 de xullo de 2019.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 30 de maio de 2019.O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 1580

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 20/05/2019 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes a maio-2019.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes maio 2019 terá lugar neste Municipio dende o día 21 de maio de 2019 ata o día 22 de xullo de 2019.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 30 de maio de 2019.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1581

COSPEITO

Anuncio

ANUNCIO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS ADOSADOS AOS EDIFICIOS CON ACCESO DIRECTO A VÍA PÚBLICA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2019.

En cumprimento do establecido no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, mediante Resolución da Alcaldía do 29/05/2019 aprobou o Padrón de contribuíntes da Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios con acceso directo a vía pública correspondente ao exercicio 2019, e cuxo contido literal da parte dispositiva que recolle dito acordo é o seguinte:

“(...)PRIMEIRO. Avogar con carácter exclusivo ao presente expediente, a competencia recollida no punto terceiro. 11 da Resolución da Alcaldía núm. 303/2015 do 20 de xullo de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO. Aprobar o padrón da Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios e con acceso directo na vía pública correspondente ao ano 2019, e as liquidacións que o compoñen, de acordo co seguinte resume:

Período	Concepto	Núm. total de cargos Importe €	Núm. cargos domiciliados Importe €	Núm. cargos non domiciliados Importe €
Exercicio 2019	Taxas caixeiros	1 438,00	0 0,00	1 438,00

TERCEIRO. Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

(...)”

RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no receara resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigos 43 e 44 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso –administrativo ante o Xulgado do Contencioso –Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercer calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico –administrativa ante o órgano económico –administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

FORMA DE PAGAMENTO

O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello que se detallan, nas horas de atención ao público. Transcorridos ditos prazos iníciarase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constrinximento e os intereses de demora que procedan.

Entidade bancaria	IBAN
Caixa Rural Galega	ES3330700023691138233125
Banco Pastor	ES1602388183130660000369
Abanca	ES5720800113183110000014

2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.

3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 30 de maio de 2019.- O Alcalde, Armando castosa alvarinho.

R. 1577

Anuncio

ANUNCIO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON ENTRADAS DE VEHÍCULOS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA DO CONCELLO DE COSPEITO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2019

En cumprimento do establecido no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, mediante Resolución da Alcaldía núm. 0185/2018 do 20/04/2018 aprobou o Padrón de contribuíntes da Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con entradas de vehículos e reservas de vía pública do Concello de Cospeito correspondente ao exercicio de 2019, e cuxo contido literal da parte dispositiva que recolle dito acordo é o seguinte:

“(…) **PRIMEIRO.** Avogar con carácter exclusivo ao presente expediente, a competencia recollida no punto terceiro. 11 da Resolución da Alcaldía núm. 303/2015 do 20 de xullo de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO. Aprobar o padrón da Taxa por polo aproveitamento especial da vía pública con entrada de vehículos e reserva da vía pública do Concello de Cospeito correspondente ao ano 2019 e as liquidacións que o compoñen de acordo co seguinte resumo:

Período	Concepto	Núm. total de cargos Importe €	Núm. cargos domiciliados Importe €	Núm. cargos non domiciliados Importe €
Exercicio 2019	Taxas vados	3 210,00	0 0,00	3 210,00

TERCEIRO. Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

(…)”

RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no receara resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigos 43 e 44 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso –administrativo ante o Xulgado do Contencioso –Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercer calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico -administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

FORMA DE PAGAMENTO

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello que se detallan, nas horas de atención ao público. Transcorridos ditos prazos iníciase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constrinximento e os intereses de demora que procedan.

Entidade bancaria	IBAN
Caixa Rural Galega	ES3330700023691138233125
Banco Pastor	ES1602388183130660000369
Abanca	ES5720800113183110000014

2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.

3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 30 de maio de 2019.- O Alcalde, Armando castosa alvarinho.

R. 1578

FRIOL

Anuncio

Cumprindo o disposto no art. 70 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, faise público o acordo adoptado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o 28 de marzo de 2019 e o texto da modificación da ordenanza fiscal reguladora das axudas á natalidade.

5.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS Á NATALIDADE.- Dáse conta ao Pleno da proposta da Alcaldía referida á modificación da ordenanza reguladora das axudas á natalidade, que se somete á aprobación do Pleno, en canto órgano competente para elo. O Concello, considerando o interese público o apoio as familias, circunscribíndose, dentro do mesmo o fomento da natalidade ou adopción, prestou aprobación á ordenanza en sesión plenaria celebrada o 13 de decembro de 2018. Unha vez tramitada segundo o disposto na normativa de aplicación, o acordo plenario e o texto da mesma, publicouse no Boletín Oficial da Provincia.

O fundamento e o fin da ordenanza é incentivar os novos nacementos de fillos de familias que residan no termo municipal. Na mesma regúlase o réxime xurídico do outorgamento de axudas para o fomento da natalidade e da adopción neste Concello, coa finalidade de axudar a fixar poboación dentro do termo municipal.

No referente aos requisitos para a concesión das subvención, no art. 5 da mesma decíase que os ingresos da unidade familiar non pode superar 3.5 veces o SMI, sinalado para o ano correspondente no que se efectúe a solicitude de axuda. Non obstante, á vista de solicitude presentada que excedía dos ingresos previstos, considerouse que se trata de fomentar a natalidade, non debendo deixar sen a axuda a aqueles que con maior nivel de ingresos, se decidan a ter fillos.

Por elo, propónse a modificación da mesma, suprimindo o requisito de referencia, así como polo tanto a obriga de presentación da documentación á que se refire no art 7. f) *Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto certificación negativa de Facenda*) e art.7 .g) *Poderán solicitarse xustificantes económicos de tódolos membros da unidade familiar, referidos ao período computable: nóminas, contratos de traballo, recibos de pensións ou calquera documentación que corresponda a cada caso e xustifique a situación económica.* A referencia á declaración da renda, tamén se suprime no Anexo de solicitude da axuda.

Despois da exposición do Sr. Alcalde, conclúe que tratándose de unha medida de fomento da natalidade, considera que debe ter dereito todo o que se decida a ter fillos, con independencia da súa situación económica. Ademais considera que tampouco a repercusión nos orzamentos municipais será moita, xa que non serán tantos os casos en que se plantexe. Conclúe dicindo que en todo caso, se fixera falta, incrementárase a previsión, e esa sería a esencia da natalidade, contribuír ao fomento da natalidade.

A concelleira do Grupo Socialista Sra. Martínez Martínez, pon de manifesto que votarán a favor da proposta, recordando as críticas ás políticas de Zapatero do “cheque bebé”, aínda que agora se trate dunha actuación a

menor escala. Ao respecto, despois dun breve cruce de intervencións co Sr. Alcalde, ponse de manifesto a unanimidade en torno á proposta e procedeuse a pechar o turno de intervencións.

Á vista do actuado, da documentación obrante ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (nove votos a favor) **ACORDA**:

- A aprobación inicial da modificación da ordenanza reguladora das axudas á natalidade, conforme se transcribe a continuación.
- En cumprimento do disposto no art. 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que se someta ao trámite de información pública no taboleiro de anuncios do concello por un prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar os expedientes e presentar as reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas, no devandito prazo.
- Que se dea conta ao Pleno do Concello das reclamacións que se presenten, que se resolverán polo mesmo con carácter definitivo. No caso de non presentarse, o acordo, ata entón provisional, elevarase a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario.
- Que os acordos definitivos e o texto da ordenanza se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, para a súa vixencia e posible impugnación xudicial, conforme ao previsto nos artigos 49 e 70.2 do Lei reguladora das bases de réxime local.

ORDENANZA REGULORA DAS AXUDAS POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN NO CONCELLO DE FRIOL.-

Art. 1.- Fundamento.- A presente ordenanza ten o seu fundamento nas competencias que o art. 2 e o art. 23.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, outorga a este Concello.

O artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, establece que os Concellos para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Concello considera de interese público o apoio as familias, circunscribíndose, dentro do mesmo o fomento da natalidade ou adopción. Este é o fundamento e o fin da presente ordenanza que pretende incentivar os novos nacementos de fillos de familias que residan no termo municipal.

Art. 2.- Obxeto.- O obxeto desta ordenanza é a regulación do réxime xurídico do outorgamento de axudas para o fomento da natalidade e da adopción neste Concello, coa finalidade de axudar a fixar poboación dentro do termo municipal.

Art. 3.- Natureza da axuda.- As axudas que se outorguen conforme á presente ordenanza teñen a natureza de subvención directa conforme ao establecido no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Art. 4.- Beneficiarios.- Serán beneficiarios das subvencións rexidas pola presente ordenanza:

- a) Os proxenitores, xa sexan casados, parellas de feito ou familias mono parentais, que vaian ter fillos.
- b) Os adoptantes de nenos menores de 18 anos.

Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, será beneficiario o proxenitor que teña a custodia do fillo/a.

Art. 5.- Requisitos para a concesión da subvención.- Dará lugar ao recoñecemento da subvención, cada nacemento que teña lugar ou cada adopción que se formalice por los beneficiarios sinalados no artigo anterior a partir de 1 de xaneiro de 2019.

Para elo será requisito imprescindible, que residan no Concello con carácter efectivo e acreditados neste Concello alomenos dous anos de antigüedad un dos proxenitores, ou adoptantes, no caso de casados ou parellas de feito, ou no seu caso de familias monoparentais. Será documento acreditativo o certificado de empadramento e inscrición no padrón de habitantes, así como o libro de familia.

- O menor recién nado ou adoptado, terá que ser empadroadado por primeira vez neste concello e convivir cos solicitantes no mesmo enderezo. Será documento acreditativo o certificado de empadramento e inscrición no padrón de habitantes. No caso de que algún dos proxenitores se atope traballado no extranxeiro ou noutra comunidade, non figurando empadroadado neste concello, deberá acreditalo con copia do correspondente contrato de traballo.

Será requisito para o pago efectivo da axuda, que as persoas beneficiarias sinaladas nos apartados anteriores continúen residindo no Concello, e que en todo caso, o recém nado fora empadroadado por primeira vez no Concello. No caso de adopción, que no prazo dun mes a contar dende a resolución xudicial, sexa inscrito no padrón, asimismo no enderezo do adoptante.

En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos, ou si a tutela ou garda fora asumida por unha institución pública.

Os beneficiarios deberán atoparse ao corrente dos seus deberes tributarios coa Facenda, coa Seguridade Social e co Concello de Friol, cuestión esta última que será comprobada de oficio polo propio Concello.

Art. 6.- Coantía das axudas e imputación do gasto.- *Cada nacemento que teña lugar, ou cada adopción que se formalice cumprindo os requisitos sinalados nesta ordenanza, será obxecto dunha axuda de 600 €*

Considerarase unidade familiar a formada polo pai, nai, titor de garda e protección do menor e os fillos solteiros menores de 25 anos que convivan no enderezo familiar ata a data da solicitude.

Non poderá percibirse máis dunha axuda por nacemento ou adopción. No caso de partos múltiples terase dereito a percibir un 100% adicional para cada fillo. No caso de adopción de máis dun menor, terase en conta a mesma porcentaxe de incremento.

O Concello anualmente no seu orzamento, como requisito imprescindible, destinará a cantidade a conceder por axudas á natalidade. A imputación do gasto realizarase con cargo a esa partida orzamentaria específica, que se creará no orzamento xeral do Concello, cuxa existencia vincularase á aplicación desta ordenanza na medida en que debe estar previsto no crédito de xeito adecuado e suficiente para a súa efectividade.

Non obstante o disposto no apartado anterior, á vista das cifras resultantes, previa a tramitación da correspondente modificación orzamentaria, poderá incrementar ou disminuir o importe global e en consecuencia, a cantidade a outorgar a cada beneficiario.

Art. 7.- Procedemento de concesión.- *As axudas solicitaranse ao Sr. Alcalde – Presidente, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou polos procedementos previstos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo das administracións públicas, dentro dos meses seguintes ao nacemento ou adopción. Deberá presentarse conforme ao modelo que figura como anexo na presente ordenanza, no que expresamente se declarará que se cumpre con tódolos requisitos establecidos na presente ordenanza.*

- Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

a) Copia compulsada do DNI, pasaporte ou documento administrativo que acredite a identificación do solicitante como beneficiario/a dos proxenitores.

b) Fotocopia do libro de familia.

c) Certificado de nacemento do recién nacido expedido polo Rexistro Civil, no caso de nacementos.

d) Copia autenticada da resolución xudicial no caso de adopción.

e) Certificado de empadroamento dos beneficiarios que acredite a residencia efectiva no Concello alomenos dous anos, dun dos proxenitores, así como de inscrición no padrón de habitantes dos beneficiarios co recém nacido ou adoptado/a. Indicarase a data de empadroamento do recém nacido e a causa de inscrición. Engadirase unha declaración, na que conste o compromiso de continuar empadroado durante un ano mais, salvo causas que xustificasen o cambio.

f) Convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade separación ou divorcio no seu caso.

g) Certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social ou autorización ao órgano municipal competente no seu caso. No Concello comprobarase de oficio que os solicitantes están ao corrente no cumprimento dos deberes fiscais municipais.

h) Documentación acreditativa da titularidade da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.

i) Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade.

Será instrutor do expediente a Concellería competente en materia de Servizos Sociais. Si a solicitude non reúne tódolos requisitos establecidos na convocatoria, o órgano competente requirirá á/ao interesada/o para que os subsane no prazo máximo de dez días, indicándolle que se non o fixera aterase por desistida/o da súa solicitude, previa resolución que deberá ditarse nos termos previos na lexislación reguladora de procedemento administrativo.

A través do instrutor do expediente e unha vez completada a documentación formularase a correspondente proposta de resolución, debidamente motivada. As axudas concederanse pola Xunta de Goberno Local. As resolucións ou acordos de concesión da axuda faranse por orden cronolóxica de solicitude soamente poderán ser denegadas polos seguintes motivos:

a) Non cumprir os requisitos establecidos na ordenanza para a concesión da axuda.

b) presentar a solicitude fora do prazo establecido na ordenanza.

c) Estar agotado o crédito orzamentario habilitado na partida para esta finalidade.

- As solicitudes resolveranse no prazo máximo de 3 meses a contar dende a data de presentación da solicitude. O vencemento do prazo máximo sin que se houbera notificado a resolución lexítima aos interesados para entender desestimado a solicitude de concesión por silencio administrativo.

Art. 8.- Abono das Axudas.- *O pago da axuda concedida efectuarase do seguinte xeito:*

- a) Un pagamento do 75% da axuda concedida mediante transferencia bancaria á conta que indicara o beneficiario da solicitude, dentro do mes seguinte á data de concesión da axuda.
- b) Un pagamento do 25% da axuda cando se acredite a residencia efectiva de un ano desde o nacemento ou adopción.

Art. 9.- Compatibilidade das axudas.- As presentes axudas serán compatibles con calquera outra establecida polas Administracións Públicas ou calquera dos seus organismos.

Art. 10.- Deberes dos beneficiarios.- A presentación de solicitude polos beneficiarios supón a aceptación incondicional das bases.

Os beneficiarios quedan obrigados a comunicar ao Concello calquera circunstancia que modifique os requisitos para obter a subvención. Os beneficiarios están obrigados a reintegrar a axuda concedida cando se incumpran os requisitos para a súa concesión establecidos nas presentes bases.

Art. 11.- Responsabilidades.- Calquera falsidade que se detecte dará lugar ao non recoñecemento da axuda, ou no seu caso de ter percibida xa a mesma, á devolución cos intereses legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puideran esixir.

Art. 12.- Reintegro das Axudas.- O incumprimento dos requisitos establecidos nas presentes bases conleva o reintegro das axudas concedidas. No caso de non cumprir co disposto, no referente a permanecer un ano mais empradado, desde o nacemento ou adopción, dará lugar ao reintegro da axuda. No caso de causas xustificadas para elo, o reintegro limitárase ao 50% da axuda concedida.

O réxime xurídico do reintegro das axudas, será o establecido no Título II da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Art. 13.- Infraccións e Sancións.- Serán as establecidas nos artigos 52 e seguintes da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Art. 14.- Réxime Xurídico.- A normativa que regula a concesión das axudas á natalidade, no que non estea previsto nestas bases, será a establecida na Lei 9/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común, na Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións, así como na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Durante o exercicio 2019, tomaranse en consideración os nados dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2019, aos efectos da súa consideración como beneficiarios das axudas contempladas. En todo caso, deberá esperarse a que conclúa a tramitación do expediente de aprobación da ordenanza, de conformidade coa normativa de aplicación, para o devengo da axuda, no caso de que o nacemento ou adopción fose de data anterior á conclusión do mesmo.

DISPOSICIÓN FINAL

A presenta ordenanza, unha vez aprobada polo Pleno do Concello, entrará en vigor, unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcurra o prazo previsto no artigo 62.2 da Ley 7/85 de 2 de abril, por remisión do disposto no artigo 70.2 do devandito texto legal, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I**SOLICITUDE DE AXUDA PARA O FOMENTO DA NATALIDADE NO CONCELLO DE FRIOL****SOLICITANTE**

<u>Nome e Apelidos</u>	<u>D.N.I.</u>	<u>Teléfono</u>

DIRECCION PARA NOTIFICACIÓNS

<u>Rua/lugar</u>	<u>Número</u>	<u>Parroquia</u>	<u>Correo Electronico</u>

DATOS DO FILLO

<u>Nome e Apelidos</u>	<u>Data de nacemento</u>

DOCUMENTACIÓN QUE ADXUNTA:

- *Copia compulsada de DNI, pasaporte ou documento administrativo que acredite a identificación do solicitante como beneficiario/a dos proxenitores.*
- *Fotocopia do libro de familia.*
- *Certificado de nacemento do recién nado expedido polo Rexistro Civil*
- *Copia compulsada da resolución xudicial no caso de adopción.*
- *Certificado de empadramento dos beneficiarios que acredite a residencia efectiva no Concello durante alomenos dous anos dun dos proxenitores, así como de inscrición padroal dos beneficiarios co recién nacido ou adoptado, indicando a data de empadramento do recién nacido e a causa de inscrición. Engadirase unha declaración, na que conste o compromiso de continuar empadroadado durante un ano mais, salvo causas que xustifiquen o cambio*
- *Convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio no seu caso.*
- *Certificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorización do órgano municipal competente no seu caso. O Concello comprobará de oficio que os solicitantes están ao corrente no cumprimento dos deberes fiscais municipais.*
- *Documentación acreditativa da titularidade da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.*
- *Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade.*

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que cumpre con tódolos requisitos establecidos na Ordenanza Municipal do Concello de Friol, reguladora da concesión de axudas para o fomento da natalidade do Concello de Friol, aprobada polo Pleno do Concello, para poder obter as axudas reguladas na mesma.

Friol, a

Unha vez rematada a votación, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado.

O que se fai público facendo constar que contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co establecido no art. 23 da Lei da xurisdicción contencioso administrativo, poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comezarán a contarse a partir do día seguinte ao da súa publicación no BOP. Todo elo sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Friol, 30 de maio de 2019.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez.

R. 1582

VILALBA

Anuncio

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR DE EDUCACIÓN INFANTIL (3-6 ANOS) CURSO 2019/2020, Aprobadas na Xunta de Goberno Local de 24 de maio de 2019. Expte 1482/2019

Dentro do labor de promover programas e proxectos destinados á atención das familias que ten atribuído o Concello de Vilalba,, convócanse as presentes axudas para a adquisición de material escolar de Educación Infantil (3 -6)anos para o curso 2019-2020.

1. DISPOSICIÓN XERAIS

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión de subvencións municipais do Concello de Vilalba, para a prestación de servizos o que complementen os atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ó fomento dos intereses peculiares das familias deste municipio.

A franxa educativa á que se refire o obxecto desta subvención, non está contemplada en outras liñas de subvención ou axudas educativas de outros organismos públicos.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvención son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tal e como se define no **Capítulo VI do Título IV “Subvencións”** das bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Vilalba para o ano 2019.

A Constitución española de 1978 consagra, no seu artigo 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia. Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no campo da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.

Os artigos 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de las Bases do Réxime local (LRBRL) e o artigo 80.1 de la Lei 5/1997, del 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA) prevé que os concellos, para a xestión dos seus propios intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

A Lei 3/2011, de 30 de xuño, de Apoio a Familia e a Convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, en especial, a das valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc. Así, o artigo 8 desta lei atribúe tamén competencias aos concellos para a execución de programas e proxectos destinados a atención das familias.

A Lei orgánica 2/2006, del 3 de maio, de Educación (BOE del 4 de maio) establece no artigo 4, que a ensinanza básica é obrigatoria e gratuíta para tódalas persoas. Así mesmo, o artigo 83 prevé a existencia de bolsas e axudas ao estudo para garantir a igualdade no exercicio do dereito á educación. Tendo en conta que

Finalmente, a Lei 13/2008, de 3 decembro, que regula o Sistema Galego de Servizos Sociais de Galicia contempla no catálogo de servizos sociais as prestacións económicas, tendo un carácter esencial as axudas de necesidade social.

Por todo isto, aprobase a concesión de bolsas complementarias ao estudo para curso 2017/2018 no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, del 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e a demais normativa de aplicación.

2. OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto regular a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar complementario destinadas ao alumnado empadroadado no Concello de Vilalba e escolarizado para o curso 2019/2020 en educación infantil (3-6 anos) nos centros docentes públicos existentes no concello.

As axudas teñen como finalidade apoiar ás familias con menor renda per cápita do concello que presenta dificultades económicas para afrontar o gasto que supón o obxecto da axuda.

3. PERSOAS BENEFICIARIAS

Para ser beneficiario/a de esta axuda é preciso cumprir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación das solicitudes:

1. Ser nai, pai ou titor/a, ou persoa encargada da garda e custodia do alumno/a empadroados neste concello, que no ano escolar da convocatoria correspondente vaian a cursar estudos de educación infantil en calquera centro docente público do Concello de Vilalba.

2. Que a Renda per cápita da unidade familiar non supere o 125% do IPREM para 2019.

Entenderase por unidade familiar a formada por nai, pai e fillos e fillas menores de 25 anos que convivan no mesmo domicilio. No caso de cambio das circunstancias conxugais, considerarase como membro computable da unidade familiar, a persoa que por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no enderezo familiar coa persoa proxenitora do alumno/a e que teña asignada a súa custodia.

Para calcular a renda per cápita terase en conta a base impositible xeral mais a base de aforro da declaración do IRPF.

No caso de familias nas que a súa situación económica actual variara substancialmente con respecto á última declaración do IRPF deberá acreditar esta situación.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e composición familiar no momento da presentación da solicitude.

4. CONTÍA E LÍMITE DAS AXUDAS

As axudas que se regulan nestas bases terán carácter único e non acumulativo, de tal maneira que soamente poderá concederse unha axuda no mesmo ano para o mesmo concepto.

As axudas se dividirán en dous tramos tendo en conta a Renda per cápita:

- Renda per cápita anual inferior ou igual ao 100% do IPREM terá unha axuda con unha cuantía de 100€
- Renda per cápita anual entre o 100% e o 125% terá unha axuda con unha cuantía de 75€

5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo de 15.000 € euros con cargo ao epígrafe orzamentario de Axudas á Escolarización 2310-48903 do Orzamento Xeral Municipal para o ano 2019.

No caso de que o número de solicitudes supere o crédito máximo orzamentario, a Comisión de Valoración, estimará a redución proporcional das cuantías asignadas.

6. SOLICITUDES

A documentación que deberán presentar para a solicitude será a seguinte:

- Modelo normalizado de solicitude de subvención (**Anexo I**).
- Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do pai/ nai ou representante legal do menor.
- Fotocopia do Libro de familia
- Fotocopia da Declaración da Renda do ano 2017 de tódolos membros da unidade familiar ou, no seu defecto, autorización para consulta de datos en facenda, (**Anexo II**)
- No caso de separación legal ou divorcio presentárase a copia da sentenza ou medidas paterno filiais respecto a/o menor, xunto co convenio regulador ou, no seu defecto, declaración xurada de percibir ou non pensión alimenticia a favor de fillo/a a cargo.

7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

A instancia, xunto coa documentación solicitada, presentárase no Rexistro Xeral do Concello, Praza da Constitución, n.º 1 Vilalba (Lugo), ou por calquera das formas previstas no artigo 16,4 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será do **24 de xuño ao 5 de xullo ámbolos dous inclusive**.

As bases estarán a disposición das persoas interesadas nas dependencias dos Servizos Sociais Comunitarios e na páxina web do Concello (www.vilalba.org) a partir desa data.

Dacordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, si as solicitudes presentadas non reuniran os requisitos sinalados, requirirase ás persoas interesadas para que no prazo máximo e improrrogable de dez días subsanen a falta ou acompañen os

documentos preceptivos. No caso de non facelo terase por desistido da súa petición e archivarase o expediente.

8. RESOLUCIÓN

8.1 Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración estará composta por tres técnicos/as do departamento de servizos sociais municipais que valorarán as solicitudes en base aos requisitos sinalados anteriormente.

8.2 Proposta e concesión de subvencións.

A Comisión de Valoración procederá á proposta de concesión de subvencións, segundo os criterios previstos nas presentes bases.

A proposta de concesión de subvencións deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, con especificación da contía proposta para cada un deles. Posteriormente, dita proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a fiscalización desta.

A partir da proposta da Comisión de Valoración informada pola Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local concederá as subvencións mediante acordo no que se especifique a relación de solicitantes os que se conceden a subvencións e a desestimación das restantes solicitudes. O prazo máximo de resolución será o establecido no artigo 25.4 da Lei Xeral de Subvencións. O vencemento do prazo máximo sen notificación da resolución pode entenderse como desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de acordo co artigo 25.5 do mesmo texto normativo.

9. DEBERES DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Os xerais recollidos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e as seguintes:

- a) Cumprir tódalas estipulacións establecidas nas bases da convocatoria.
- b) Responder da veracidade dos datos da solicitude.

10. EXENCIONES TRIBUTARIAS

Como recolle o artigo 7.y da lei 35/2006 do 28 de novembro do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, modificado o 30 de outubro de 2015, estarán exentas as rendas establecidas por entidades locais para atender a colectivos en risco de exclusión social, situacións de emerxencia social, necesidades habitacionais de persoas sen recursos ou necesidades de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores ou persoas con discapacidade, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes, ata un importe máximo anual conxunto de 1,5 veces o Indicador Público de Renditas de Efectos Múltiples.

11. FORMA E PAGO DAS SUBVENCIONES.

Tras a resolución de concesión da axuda económica, as contías serán abonadas mediante a entrega dun vale. Deste modo, a persoa beneficiaria acudirá ás Oficinas de Servizos Sociais do Concello para retirar o vale da axuda concedida.

Unha vez que a persoa solicitante este en posesión do vale, poderá adquirir os libros e material escolar nos establecementos de Vilalba, polo importe máximo que figura no documento. O concello soamente asumirá a contía establecida no vale.

Os vales non poderán ser fraccionados, é dicir, o importe de cada vale soamente pode ser utilizado nun único establecemento.

A aceptación dos vales polos establecementos supón a aceptación das condicións desta convocatoria.

Os establecementos deberán presentar as facturas acompañadas dos vales correspondentes no rexistro xeral do Concello de Vilalba, detallando o material escolar adquirido con cada vale, e firmado polo solicitante e polo propio establecemento. As facturas deberán cumprir cos requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

O prazo para presentar facturas rematará o día 31 de outubro de 2019.

12. CONTROL, APLICACIÓN, REVISIÓN E REINTEGRO DE SUBVENCIÓN

A Comisión de Valoración poderá requirirle a persoa solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarias para completar o expediente, e tamén poderá dispoñer a comprobación oportuna dos datos consignados polos peticionarios.

Tendo en conta que as axudas desta convocatoria responden a unha determinada situación do perceptor, comprobada previamente, a concesión se entenderá xustificada mediante a presentación das facturas por parte dos establecementos acompañadas dos correspondentes vales.

O interesado procederá ao reintegro das cantidades percibidas, así como aos intereses de demora, nos casos previstos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei de Subvencións de Galicia (art. 36 e 37 respectivamente), e nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando datos.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo que fundamenta a concesión da axuda, é dicir, ao emprego do importe recibido para finalidades distintas a adquisición de material escolar.
- c) Incumprimento dos deberes impostos pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das axudas, sempre que afecten ou se refiran ao obxecto da subvención.

13. RECURSOS

Contra a resolución definitiva, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer Recurso Potestativo de Reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a notificación da resolución ou ben directamente o Recurso Contencioso - Administrativo, no prazo de dous meses, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen perxuício de calquera outro recurso que estime procedente.

14. PROTECCIÓN DE DATOS

Dacordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informase de que os datos de carácter persoal que se faciliten na participación do presente procedemento, serán incorporados nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Vilalba, con domicilio na Praza da Constitución, n.º 1, 27800 de Vilalba (Lugo), onde se poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, si fose o caso, o de oposición.

Mediante a participación no presente procedemento, os titulares dos datos persoais facilitados consenten expresamente o seu tratamento coa finalidade de levar a cabo a tramitación deste procedemento.

Vilalba, 24 de maio de 2019.

R. 1583

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

CONCESIÓN

Expediente: A/27/21712

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30) y sus posteriores modificaciones, se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico, de fecha 22 de mayo de 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a María Ofelia Álvarez Osorio, la oportuna concesión para aprovechamiento de agua del manantial Fonte dos Cantariños en Noceda (Trobo), T. M. de A Fonsagrada (Lugo), con destino a abastecimiento y usos ganaderos.

Oviedo, 22 de maio de 2019.- EL JEFE DE ÁREA, David Pérez-Castrillón.

R. 1584

Anuncio

CONCESIÓN

Expediente: A/27/21882

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30) y sus posteriores modificaciones, se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico, de fecha 22 de mayo de 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Eladio Pardo Fernández, la oportuna concesión para aprovechamiento de agua de un arroyo en la parcela 413 del polígono 22 en Torés, T.M. de As Nogais (Lugo), con destino a uso ganadero.

Oviedo, 22 de maio de 2019.- EL JEFE DE ÁREA, David Pérez-Castrillón.

R. 1585

*Anuncio***CONCESIÓN****Expediente: A/27/21691**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30) y sus posteriores modificaciones, se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico, de fecha 22 de mayo de 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Amable Eiros López, la oportuna concesión para aprovechamiento de agua de los manantiales Fonte da Valiña do Gato I y II en Surriba (Córneas) T. M. de Baleira (Lugo), con destino a uso ganadero.

Oviedo, 22 de maio de 2019.- EL JEFE DE ÁREA, David Pérez-Castrillón.

R. 1586

*Anuncio***CONCESIÓN****Expediente: A/27/21598**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30) y sus posteriores modificaciones, se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico, de fecha 22 de mayo de 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a David Gómez Brañas, la oportuna concesión para aprovechamiento de agua de tres manantiales "1", "2" y "3" en Chao da Dorna, T.M. de Cervantes (Lugo), con destino a uso doméstico (manantial 1) y riego (manantiales 1, 2 y 3).

Oviedo, 22 de maio de 2019.- EL JEFE DE ÁREA, David Pérez-Castrillón

R. 1587

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****A/27/30115**

Álvaro Pérez Rozas, con D.N.I. 33.535.594 F, solicita autorización para efectuar obras dentro del dominio público hidráulico.

Las obras estarán situadas en la zona del embalse de Belesar, en el tramo comprendido entre el poblado de "O Seixón" y la desembocadura del río Ferreira en el río Miño, en el término municipal de Portomarín (Lugo), y consistirán las mismas en la realización de catas arqueológicas.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente.

EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López

R. 1588

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****A/27/09144**

El Ayuntamiento de Láncara, solicita la modificación de características de un aprovechamiento de 0,54 l/s de agua procedente de la Fonte do Río, en el lugar de Vilaesteva, parroquia de Vilaesteva de Herdeiros (Santa María), en el término municipal de Láncara (Lugo) con destino al abastecimiento del núcleo de Vilaesteva, consistente en la modificación de las obras de captación.

La captación se realiza mediante un pequeño azud donde se canaliza el agua hasta un desarenador del que parte tubería hasta un depósito desde el que se distribuye el agua al núcleo de Vilaesteva.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Láncara, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 08 de maio de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO.- José Manuel Blanco López.

R. 1589

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

BSASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) – DEPUTACIÓN

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESION CELEBRADA O 31 DE MAIO DO 2019 POLO QUE SE APROBA A MODIFICACIÓN DAS BASES DO PROGRAMA TECENDO EMPREGO SUBVENCÍONS DESTINADA AO FOMENTO DO EMPREGO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018.

BDNS (Identif.): 419425

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b y 20.8ª de la Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publicase o extracto da modificación das bases na Base de Datos Nacional de Subvencións.

([http:// www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans](http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans)).

Por acordo da Xunta de Goberno celebrada na sesión do 31 de maio do 2019 aprobouse a modificación das bases do programa Tecendo Emprego en prol da creación de emprego do seguinte xeito, a vista de que non se prexudica a ningún terceiro, matízase o criterio do límite de idade, sen alterar os criterios de titulación e aptitude para acceso o posto.

Engadíndose no artigo 3 das bases da Fase I e na Base I da Fase II do Programa Tecendo Emprego, o seguinte:

A determinación do límite de idade establecido en cada unha das liñas non será causa de exclusión do proceso de selección, non obstante aqueles candidatos que non excedan da idade límite de cada liña terán preferencia sobre os demais aspirantes.

Lugo, 31 de maio de 2019.- O presidente, P.D. Decreto nº 0402/2017, de data 24-02-2017, O Deputado Provincial en funcións, Pablo Rivera Capón.

R. 1608